



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2024-14

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

6 de Agosto de 2024

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

10:02

Hora de Finalización

10:17

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA

Secretario: MARÍA GONZÁLEZ RIVERO

Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ

LUCIA GIL CID

MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 05.07.2024 (ACTA 2024/13)

A acta apróbbase por unanimidade.

2º CONTA XUSTIFICATIVA DA ACTUACION "MELLORA DA SINALIZACION TURISTICA DE BENVIDA AO CONCELLO DE CASTRELO DO VAL" EXECUTADA AO ABEIRO DA RESOLUCION DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, DO 15 DE FEBREIRO DE 2024 (DOG NÚM. 42 DO 28/02/2024) DE AXUDAS PARA ACTUACIONES DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS TURISTICAS.

O Sr. Alcalde, lembra aos presentes a **subvención** concedida por Resolución da **Axencia de Turismo de Galicia**, de data **15 de febreiro de 2024**, das de axudas a concellos de ata 10.000 habitantes para mellora das infraestruturas turísticas, para a execución da actuación chamada "**Mellora da sinalización turística de benvida ao Concello de Castrelo do Val**" (TU503D 2024-053)

A continuación, pasa a dar conta ós presentes da **certificación 01 - final, liquidación** da devandita obra denominada "**Mellora da sinalización turística de benvida ao Concello de Castrelo do Val**", (TU503D 2024-053), cofinanciada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, de data 24/07/2024, por un importe total de **27.430,10 euros**, suscrita polo director das mesmas, **Marta Fontán Cabadas**.

Examinada a mesma e atopada conforme, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

PRIMEIRO. Aprobar a referida **certificación 01 - final**, da obra denominada “**Mellora da sinalización turística de benvida ao Concello de Castrelo do Val**”, (TU503D 2024-053) cofinanciada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, por un importe total de **27.430,10 euros**, suscrita polo director das mesmas, **Marta Fontán Cabadas**, nos termos nos que se atopa redactada.

SEGUNDO. Recoñecer e liquidar a obriga derivada da súa aprobación, a favor do adxudicatario da obra; e consecuentemente, **aprobar as facturas:**

- **Núm. 240016 de Sherpa Projet, S.L.U.** de data **25/07/2024** correspondente a certificación 01 - final, liquidación da devandita obra, por importe de **27.430,10 euros**.

- **Núm. 240015 de Sherpa Projet, S.L.U.** de data **25/07/2024** correspondente á redacción das memorias de presentación e xustificación do proxecto, por importe de **1.815,00 euros**.

TERCEIRO. Declarar que se **cumplíu á finalidade** para a que se concedeu a subvención; **facen constar** expresamente que **por parte da Intervención tomouse razón na contabilidade**, en fase de recoñecemento da obriga, do gasto derivado da contratación da obra; e **declarar**, ademáis, que na tramitación e contratación das obras **cumpríuse a normativa de aplicación** no ámbito local e, especificamente, a que rexe nos contratos do sector público.

CUARTO. Declarar que a actuación levada a cabo precisou de autorizacións sectoriais para a súa realización, a saber:

- Resolución da **Axencia Galega de Infraestruturas**, de data 25/06/2024, pola cal se declara "**Autorizar ao concello de Castrelo do Val**, no que respecta a competencia sectorial en materia de estradas á execución das obras de instalación de sinalización turística..."

QUINTO. Consecuentemente, **aprobar a conta xustificativa** da actuación nos termos recollidos nos catro apartados anteriores deste acordo.

3º. APROBACION CONTA XUSTIFICATIVA DO PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACION DE DEBIDA DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION AS OBRAS E SERVICIOS MUNICIPAIS 2024. MEDIDA "RETRIBUCIONS DE PERSOAL" - ACHEGA COMPLEMENTARIA

O Sr. Alcalde inicia o tratamento deste punto da Orde do día, lembrando que de acordo coas **Bases** para a elaboración e execución do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais de **2024**, (BOP núm. **290**, do **20.12.2023**), foi a **Xunta de Goberno**, na súa **sesión do 16.01.2024** quen acordou solicitar da Deputación os diferentes investimentos e actuacións a realizar por parte do Concello con cargo ao devandito Plan.

Continúa explicando que, posteriormente, a Deputación aprobou unha achega complementaria ao devandito Plan; na que polo que respecta ao programa de gasto corrente, o concello incluíu a seguinte medida:





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Denominación: **Retribucións de Persoal.**
Orzamento total **12.816,79 euros.**
Achega provincial: **12.816,79 euros.**

Chegado o momento actual de execución orzamentaria, superouse o gasto a xustificar ante a Deputación, para poder solicitar o aboamento dos fondos correspondentes.

Para elo, vista a conta xustificativa formulada pola Alcaldía e informada favorablemente pola Intervención municipal, procede adoptar acordo de aprobación da mesma e de remisión da documentación oportuna á Deputación Provincial para o libramento dos fondos correspondentes.

Tralo que a Xunta de Goberno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar a conta xustificativa formulada pola Alcaldía e informada pola Intervención, de acordo co seguinte resumo:

CONTRATACIÓN	DURACIÓN	SOLDO E SEG. SOCIAL EMPRESA	TOTAL GASTOS
MANUEL SERAFIN SALGADO RIVERA	01.05 – 30.06	5.397,16	5.397,16
MARÍA GONZÁLEZ RIVERO	01.04 – 30.06	8.560,01	8.560,01
GASTOS TOTAIS RETRIBUCIÓN DE PEROSAL			13.957,17

Os postos desempeñados polos traballadores contratados foron:

Manuel Sefarin Salgado Rivera: encargado xeral.
María González Rivero: auxiliar administrativa.

SEGUNDO: Declarar que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a axuda por importe de **12.816,79 euros (doce mil oitocentos dezaseis euros, con setenta e nove céntimos)**, mediante Resolución da Excm. Deputación Provincial de Ourense. E igualmente aplicáronse os fondos destinados para tal efecto.

TERCEIRO: Declarar que a xustificación da subvención concedida, refírese ó mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención:

PROXECTO SOLICITADO	EUROS	PROXECTO FINAL	EUROS
Retribucións de persoal	12.816,79	Retribucións de persoal	13.957,17
Total	12.816,79	Total	13.957,17

CUARTO: Declarar que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.

SEXTO: Declarar que o concello de Castrelo do Val atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

SÉTIMO: Declarar que na execución da actuación cumpríuse coas bases do Plan provincial para o exercicio **2024**.

OITAVO: Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial de Ourense e solicitar o ingreso dos fondos correspondentes nas arcas municipais.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

